



8 de xullo de 2013. Os días 2, 3, 4 e 5 de xullo ADEGA organizou, dentro da programación de verán da UDC, a primeira edición do **curso de verán sobre o deseño e xestión de proxectos de conservación a nivel local**

. Tras adicar as dúas primeiras sesións a achegarnos á problemática ambiental do país e coñecer as figuras de protección, lexislación e ferramentas para desenvolver un proxecto de conservación, esta pasado xoves 4 puidemos coñecer

in situ

como se desenvolven algunhas

iniciativas de conservación e aproveitamento sustentábel

máis singulares do país. O concello de Carnota concentra tres delas:

[Mardelira](#)

e o seu proxecto de reserva mariña (Lira); a coop.

[Rainha Lupa](#)

de agricultura ecolóxica en Quilmas e a asociación

[Monte Pindo Parque Natural](#)

(O Pindo). A última xornada adicouse a coñecer diversos proxectos de

custodia do territorio

, unha fórmula que permite manter os usos compatíbel dun territorio e os seus valores naturais, sendo a mesma poboación residente quen terma da súa conservación. Dende

ADEGA queremos agradecer a extraordinaria acollida deste curso e o entusiasmo do alunado participante. Ligazón ao

[Álbum Web](#)

da saída de campo.


O medio ambiente e sobre todo a xestión de espazos naturais e a súa conservación ten implicacións en diferentes eidos, como a investigación, a comunicación, a bioconstrución, a creación de emprego verde... O curso estivo dirixido a todo o público interesado na problemática ambiental con aplicación ao nivel local, en particular aos membros das ONGs e aos profesionais e cargos públicos da administración local, así como ao alunado da UDC e en particular ao de ciencias, ciencias da comunicación, ciencias da saúde, economía e empresa, socioloxía, turismo e dereito. Eis o **[PROGRAMA](#)**

2-5 xullo | UDC | A Coruña

curso de verán



DESEÑO E XESTIÓN
DE PROXECTOS DE
CONSERVACIÓN A
NÍVEL LOCAL



Os datos técnicos e de contacto dos proxectos locais de conservación incluídos neste curso de verán son responsabilidade dos seus respectivos promotores e non da UDC. A UDC non se responsabiliza dos danos materiais ou morais que poidan derivarse do uso desta información.